XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif.Adtvo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

Alegacións recibidas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

galicia

Asunto: Informe sobre anteproxecto de Lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

I. Antecedentes.

A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, sinala no seu artigo 7, relativo aos diplomados sanitarios, que os terapeutas ocupacionais desenvolven actividades orientadas á aplicación de técnicas e realización de actividades de carácter ocupacional que tendan a potenciar ou suplir as funcións físicas ou psíquicas disminuidas ou perdidas e a orientar e estimular o desenvolvemento desas funcións.

É unha profesión que está implantada desde fai tempo nos servizos de saúde e que ten unha grande repercusión na recuperación e rehabilitación dos pacientes.

II. Creación do Colexio Oficial de TO de Galicia.

Varias comunidades autónomas teñen creado o correspondente colexio territorial. Son as seguintes: Aragón, Illes Balears, Estremadura, Navarra, Comunidad Valenciana, Castela e León, Castela A Mancha, País Vasco, Región de Murcia, Cataluña e A Rioxa. Ademais está aprobada e publicada a Lei de creación do Consello Xeral de Colexios de Terapeutas Ocupacionais, pola Lei 24/2014, do 20 de noviembre, como órgano de coordinación e representación dos colexios profesionais territoriais.

Nese senso, tendo en conta o amplo desenvolvemento autonómico existente parece adecuado que Galicia se sume á aquelas comunidades onde xa teñen constituído o respectivo colexio profesional.

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es

III. Repercusión nos cidadans.

A Institución colexial, como ten establecido en varias sentencias o Tribunal Constitucional, está baseada na encomenda de funcións públicas sobre a profesión aos profesionais, tendo en conta que os fines da mesma son: a ordenación do exercicio da profesións, a súa representación exclusiva no caso de colexiación obrigatoria, a defensa dos intereses dos profesionais e, sobre todo, a protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos colexiados.

O fundamento e a xustificación da colexiación debe situarse no acto profesional que se realiza na medida en que este incide directamente nos dereitos esenciais para o cidadán. Mediante este sistema, os colexios profesionais que son corporacións de dereito público e cuxos estatutos están sometidos áo informe de legalidade da Administración pública, están ofrecendo á sociedade, no exercicio da súa función pública de ordenación da profesión, unha garantía insustituible do bo facer dos profesionais vinculados.

Polo tanto, a tutela do interese público constitue un dos elementos fundamentais para configurar a existencia dos colexios profesionais no ámbito sanitario.

A función da ordenación profesional desenvolvida polos colexios é outro dos elementos que contribue á existencia da equidade do exercicio da profesión a nivel territorial estatal. Garantía que se plasma na existencia da regulación de boas prácticas e a correcta actuación no exercicio da profesión por parte de todos os colexiados, evitando, dese xeito, as posibles desviacións no cumprimento dos seus deberes. A deontoloxía profesional é un dos contidos esenciais da institución colexial, que implica a aplicación de todo o saber, a pericia e a experiencia dos colexiados sobre as practicas no exercicio da profesión.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542726
www.sergas.es

galicia

En definitiva, a relevancia do fin público que se persegue, a prestación de servizos no ámbito da saúde das persoas, así como, a garantia de unidade de criterio dos actos destes profesionais sanitarios, constitúe o elemento fundamental para a determinación da existencia dos colexios profesionais.

O anteproxecto de decreto consta de catro artigos, dúas disposicións transitorias e unha final, correspondente á entrada en vigor. Non se realiza ningunha observación ao contido do articulado.

Polo que esta consellería emite informe favorable ao anteproxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2016.

A secretaria xeral técnica

XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Josefina Monteagudo Romero

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 54 54 00

galicia

OFICIO


Asunto: Remisión informe

Achegamos informe sobre o Anteproxecto de Lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2016

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo



SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza

INFORME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE TERAPEUTAS OCUPACIONAIS DE GALICIA

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social recibiu, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, un anteproxecto de Lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia e solicitoulle á Dirección Xeral de Inclusión Social e a outras direccións xerais da consellería, a emisión dun informe sobre a relevancia do dito proxecto no sector dos servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

A terapia ocupacional aparece mencionada como servizo en varias normas autonómicas de servizos sociais:

1. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

"O servizo de axuda no fogar, unha vez garantido o nivel básico de atención, poderá incorporar, ademais, os seguintes tipos de atencións e servizos de carácter complementario:

a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b) Servizo de préstamo de axudas técnicas ou produtos de apoio para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica ou produto de apoio calquera dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

c) Adaptacións funcionais do fogar.

d) Servizo de podoloxía.

e) Servizo de fisioterapia.

f) Terapia ocupacional".

2. Decreto, 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Este decreto menciona a terapia ocupacional como un de los servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal:

0101 Servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal.

01010506: Terapia ocupacional.

O anteproxecto de lei achegado pola Vicepresidencia recolle unicamente un modelo de texto legal de constitución dun colexio profesional, cuxa tramitación finalizará, de ser o caso, coa súa aprobación final polo Parlamento de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 11 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

En xeral, a creación de colexios profesionais contribúe a mellorar a calidade dos correspondentes servizos profesionais para os particulares e organizacións destinatarios destes, e non ven senón a enriquecer o ámbito o ámbitos sectoriais aos que afecta, que, no caso da terapia ocupacional, son os ámbitos da sanidade e dos servizos sociais.

Isto resulta claro se analizamos os fins e funcións dos colexios profesionais, contemplados nos artigos 8 e 9 da lei antedita, entre os que se poden salientar os de: ordenar o exercicio da profesión, velar pola satisfacción dos intereses xerais relacionados co exercicio da profesión, lograr a constante mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados, promovendo a formación e o perfeccionamento deles, ou ordenar, no marco da súa competencia a actividade dos seus colexiados, velando pola ética e dignidade profesional deles, así como conciliando os seus intereses co interese social e cos dereitos dos cidadáns...

Polo que respecta a outras dirección xerais da Consellería de Política Social, na Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade contan coa figura dos terapeutas ocupacionais nos equipos de valoración de dependencia. En total hai 39 profesionais nos equipos e unha praza de terapeuta ocupacional na Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade.

Se ben é certo que na normativa de prestación de servizos de dependencia non existía ningunha norma que esixise esta figura, coa nova carteira en trámite de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención á dependencia, a figura do terapeuta ocupacional está presente en todas as carteiras.

Ata agora os terapeutas ocupacionais estaban representados pola Asociación de Terapeutas de Galicia, asociación que actuaba de interlocutor coa dita Dirección Xeral e que nalgúns casos fixo achegas á normativa de carteiras de servizos. Coa posibilidade de constituirse o Colexio Oficial, será este o interlocutor, e no que afecta aos profesionais, a partir de agora disporán dunha corporación de dereito público para defender os seus dereitos e reivindicacións como colectivo profesional.

En consecuencia, o feito de que se constitúa unha entidade para desenvolver os ditos fins e funcións no referente á terapia ocupacional unicamente merece un xuízo positivo, toda vez que debería de contribuír a mellorar a calidade da atención que prestan as persoas que desenvolven esta profesión.

De acordo co anterior, INFORMO:

Que de acordo co exposto, considérase o anteproxecto de Lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia como unha iniciativa positiva e valiosa para o sector dos servizos sociais.

Non obstante o anterior, cómpre destacar que o Goberno do Estado ten previsto tramitar a reformar da normativa reguladora dos colexios profesionais, tendo incluído esta medida nos Programa Nacionais de Reformas do Reino de España enviados á Comisión Europea nos anos 2013, 2014 e 2015, no marco do proceso do denominado "Semestre Europeo", e tendo chegado a presentar un anteproxecto de "Lei de Servizos e Colexios Profesionais". Porén, esta reforma semella, polo momento, paralizada.

En todo caso, cómpre ter en conta que, de reactivarse por parte do Goberno do Estado esta medida normativa (o Programa Nacional de Reformas do Reino de España para o 2016 aínda non foi publicado, polo que non temos confirmación de se continúa a recoller ou non esta medida como unha das reformas comprometidas coa Comisión Europea), a eventual aprobación dunha nova Lei de Servizos e Colexios Profesionais podería ter incidencia sobre o anteproxecto de Lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia obxecto deste informe.

Santiago de Compostela, 15 de abril do 2016

O director xeral de Inclusión Social



Arturo Parrado Puente